

"A vida é vivir en comunidade: manter a tradición de axudarnos, sentir que as persoas que temos porta a porta son tamén parte da nosa familia"

Manuel Álvarez

*Unha vida de
compromiso co ben común*

Texto: Noemí Rey | Fotografía: Gustavo Rivas

Tomino
identidade aberta

Tomino
identidade aberta

Manolo *Álvarez*

Homenaxeado das Festas do Alivio 2025

Manuel Álvarez

(San Benito - 1954)

Hai persoas que, sen buscar protagonismo nin aparecer en titulares, son quen facerse oco na memoria dun pobo. Nomes que se gardan no corazón porque representan traballo, xenerosidade e compromiso e que deixan unha pegada fonda e inesquecible. Ese é Manuel Álvarez Álvarez (San Benito, 1954), o Manolo de toda a vida, que desde que ten uso de razón amosou un firme compromiso polo ben común, polo que despois de tantos anos aínda traballa arreo e con enerxía incansable.

De neno aprendeu axiña o valor do esforzo. Quedou sen nai con só oito anos, e na década dos 60, cando na casa non sobra nada, buscaba a vida entre escola e traballo. Pola mañá estudaba e pola tarde botaba horas, collendo piñas no monte para vendelas ao bar cando aínda a cociña era de leña ou na obra, na que aprendeu o oficio. Cando cobraba, sentíao como un triunfo. Daquela forxouse un carácter feito de constancia, humildade e ilusión polo que estaba por vir.

A construción fíxose o seu camiño natural: unha profesión dura, pero que lle apaixoa-

ba. E neste camiño da vida é no que atopa a Emerenciana, coa que casou no ano 1975 e coa que formou unha familia da que sempre fala con moito orgullo: os seus dous fillos, José Luis e Óscar; os seus netos Tania, Samuel e Iván; e mesmo un bisneto, Ismael. Acéndeselle a ollada ao falar de todas e todos eles.

Mais a historia de Manolo non só está marcada pola familia e o traballo. O seu verdadeiro selo é a vida en comunidade. Sempre “teño que estar facendo algo” e ese algo foi case sempre polo ben común. Co son das bandas de música, o cheiro das rosquillas e a alegría das luces das festas, en 1978 comeza a súa andaina na Comisión da Nosa Señora, na que botou oito anos e tras os que recalou na Comisión de San Blas, na que estivo outros oito anos participando de xeito moi activo.

Tras un pequeno descanso, dende 2014 a súa vida está ligada á Comisión de Festas da Virxe do Alivio, na que traballa man a man “cun equipo marabilloso moi unido”, outra gran familia, para que a veciñanza desfrute da tradición. Preparar un escenario, mover bancos, colgar bandeirolas, buscar recursos... todo forma parte dun labor invisible pero imprescindible. Porque para el, as festas son moito máis que días de troula: son lugar de encontro, identidade

e un orgullo compartido polos que Manolo sempre entendeu que merecía a pena dar o seu tempo e esforzo.

Pero se hai un campo no que deixou unha fonda pegada é no das traídas de auga. No ano 2007 o seu camiño crúzase de xeito decidido con elas e pasa a formar parte da directiva da de Tomiño-Forcadela, da que é presidente. E non o fixo como algo accesorio, senón como unha causa de vida. Non chegou cando todo estaba por inventar, senón nun momento no que xa existía un servizo básico, aínda lonxe do que hoxe coñecemos. E Manolo implicouse de cheo en melloralo: supervisar instalacións, reforzar condutos, buscar solucións ás avarías e impulsar novos tramos de rede.

Entregouse con corpo e alma a mellorar esta traída en cada un dos aspectos que tiña nas súas mans e a modernizar unha rede con máis de 40 anos de historia, que hoxe atende a máis de 600 socios e socias e percorre 40 km de tubaxes. “Son case como unha toupeira”, di con humor, porque coñece cada tubaxe, cada recuncho do monte e cada paso do trazado. Sabía onde abrir, onde colocar a arqueta, onde a pendente axudaba e onde complicaba. Non facía falta chamalo moito: xa aparecía el cunha ferramenta na man e unha idea na cabeza para resolver o problema do día. Porque para el garantir este servizo non é comodidade, é dignidade, saúde e futuro para todos e todas.



E nunca pediu nada a cambio. Nin un peso, nin un aplauso. Só traballou, e segue traballando moito, porque entende que o común é responsabilidade de todas e todos, e que se cada quen fai a súa parte, a comunidade medra. Porque a auga non é nosa, só facemos uso dela, dun recurso moi valioso que debemos conservar. Igual que as festas, igual que a vida en común, a vida na que a veciñanza forma parte da túa familia, un tesouro compartido que debemos fomentar e coidar con mimo.

Quen o coñece sabe que non lle gusta falar de si mesmo nin das horas que botou e aínda bota traballando para os demais. Porque Manolo é un home de poucas palabras e moita acción, de saudar cun “bo día” sincero mentres segue co que ten entre mans, de seguir argallando como mellorar as cousas e de continuar “escabichando” unha vida á que lle dá moito valor.

O seu orgullo é ver as cousas feitas e funcionando, saber que o traballo serviu para mellorar a vida doutros. Porque a súa filosofía é clara: fomentar esa convivencia en comunidade, pensar nos demais, dialogar e cultivar a cultura do esforzo, a empatía e a amabilidade. Esa é a herdanza que deixa: o exemplo de que co traballo humilde e compartido constrúese un pobo máis unido e con máis futuro.

Porque grazas a persoas como Manolo, Tomiño segue a ser un lugar onde o común importa, onde a auga segue a manar e onde as luces de setembro seguen brillando para todos e todas.

